

Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Persoal, oposicións

*CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA NOMEAMENTO INTERINO DA PRAZA
AUXILIAR DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, E FORMACIÓN DA LISTA DE RESERVA*

PROCESO DE SELECCIÓN PARA NOMEAMENTO INTERINO DE AUXILIAR DE ARQUIVO E BIBLIOTECA E FORMACIÓN LISTA DE RESERVA

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE AUXILIAR
DE ARQUIVO E BIBLIOTECA GRUPO C, SUBGRUPO C-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE RESERVA,
PROCESO EXPEDIENTE 436/2021.*

Con data 31/03/2021, aprobáronse, por Resolución da Concellaría delegada de persoal, as Bases de selección para a cobertura interina da praza de auxiliar de arquivo e biblioteca, grupo C, subgrupo C-2 e constitución de lista de reserva.

As instancias polas que se solicita formar parte no proceso selectivo, dirixiranse ó alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e na súa páxina web, www.tui.gal.

O Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Tui, á data da sinatura dixital á marxe.

